



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

... chistadas desas. De cando... (risas) unha vez que lle morrera, morrera...

Levabase mal unha soghra mais unha nora, e entonces a soghra doulle un accidente e botou unha chea de días, sin resucitar pero non morreu. E xa a levaban, para ir a enterrar, levana, iban xa con ela na caixa.

Pero, naquel tempo, iban as caixas abertas, non iban tampadas coma aghora. E pasaron por debaixo dun carballo, iban os homes con ela e outros e ela, aquel alto que iba na caixa, volveulle o sentido, e veu que a levaban na caixa e levantouse sentada e enghanchouse na pola dun carballo.

E despois, claro que se volveron con ela para a casa, desde logho. Pero despois ao cabo dun ano morreu, morreu de verdá. E iban con ela e a nora choraba por ela, facía que choraba. E decía:

- “Miña nai non a i-és, miña soghra é mal dito. Adiós nai do meu home, adiós nai do meu home, ghardade o carballo que non faga como o ano pasado”.

(Risas)

Como o ano pasado se colgara nas polas, e claro... ta ben.

E (...) así. Pero despois cánticos, no. Cántigos na morte [non].